



# ACTUALIZACIÓN DO DIAGNÓSTICO DE IGUALDADE NA USC

---

Presenza de Mulleres e Homes na USC

Vicerreitoría de Responsabilidade Social e Calidade  
Oficina de Igualdade de Xénero

Setembro 2012

## Presentación do diagnóstico

### A Oficina de Igualdade de Xénero da USC no contexto do Sistema Universitario Español

#### Índice de contidos:

## PRESENZA DE MULLERES E HOMES NA USC

### 1. PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)

Distribución de mulleres e homes no PDI

Distribución de mulleres e homes no PDI por categoría

Distribución de mulleres e homes por intervalos de idade e categoría do PDI

Distribución de mulleres e homes entre o PDI segundo a duración do contrato e tipo de dedicación

Distribución de mulleres e homes no PDI por nivel educativo

Participación de mulleres e homes do PDI nos cursos de formación

Distribución de mulleres e homes no PDI por departamento

Distribución de mulleres e homes nos programas de recursos humanos

### 2. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)

Distribución de mulleres e homes no PAS

Distribución de mulleres e homes por intervalos de idade e categoría do PAS

Distribución de mulleres e homes no PAS por grupo. Mulleres e homes nos grupos máis altos do PAS

Distribución de mulleres e homes no PAS por centros de traballo

### 3. ESTUDANTES

Evolución da distribución por sexo entre o estudantado da USC

Distribución de mulleres e homes segundo o campus da titulación en que se matriculan

Distribución de mulleres e homes entre o estudantado por áreas de coñecemento en que se matriculan

Distribución de mulleres e homes entre o estudantado por titulación

Distribución de mulleres e homes no terceiro ciclo

Distribución de mulleres e homes no terceiro ciclo por grandes áreas

Distribución de mulleres e homes que acadan o título de doutor/a

#### **4. PARTICIPACIÓN NOS ÓRGANOS DE GOBERNO, XESTIÓN E REPRESENTACIÓN**

Distribución de mulleres e homes no Consello de Goberno, Claustro Universitario e xuntas de centro

Distribución de mulleres e homes nas direccións dos centros e dos departamentos

#### **5. INVESTIGACIÓN E XÉNERO**

As mulleres na investigación

A perspectiva de xénero na investigación

#### **6. INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA**

### **A Oficina de Igualdade de Xénero da USC no contexto do Sistema Universitario Español**

A Oficina de Igualdade de Xénero (OIX) da USC foi das primeiras estruturas do seu tipo postas en marcha no Sistema Universitario Español, mesmo antes que a Lei orgánica para a igualdade efectiva de mulleres e homes e a Lei orgánica de modificación da Lei orgánica de universidades (LOMLOU), ambos os textos aprobados en 2007, fixesen obrigatoria a súa creación. Nestes momentos hai polo menos 46 unidades noutras tantas universidades do Estado, baixo este nome ou ben co de “centro”, “dirección” ou “observatorio”.

A OIX naceu en 2006, ano en que tamén o fixeron polo menos outras cinco: as das universidades de Girona, Lleida, País Vasco, Politécnica de Catalunya e Vigo. Pero as máis antigas son as da Universidade de Extremadura –creada en 2004– e o Observatorio para a Igualdade da Autónoma de Barcelona –do 2005–. En 2007, segundo a información que se puido recadar, creáronse outras 4 (entre elas, a da Universidade da Coruña), en 2008 viron a luz 6 máis, outras 5 constituíronse en 2009 e 9 máis en 2010. As últimas documentadas son as da Universidade de Burgos e das Palmas, postas en funcionamento en 2011.

Os recursos humanos con que contan estas oficinas é moi variable. A da USC ten unha coordinadora, membro do PDI, e unha PAS de posto base. Ata o de agora non conta con persoal técnico en igualdade, pese a ser un dos obxectivos fixados no I Plan estratéxico de igualdade. Este perfil profesional si está presente nas unidades das universidades de Cádiz, Girona, Huelva, Pablo Olavide, País Vasco, Pompeu Fabra, Sevilla, Valencia, Autónoma de Barcelona e Autónoma de Madrid.

No primeiro trimestre de 2012, 31 universidades españolas tiñan en marcha algún plan de igualdade. Tres delas –as catalás UAB, UB e Rovira i Virgili– xa ían polo segundo e na Universidade Pública de Navarra aplicábase o terceiro. Na USC traballábase na redacción do segundo, tras concluír o desenvolvido entre 2009 e 2011. O número de universidades con diagnósticos previos sobre a igualdade entre mulleres e homes é un chisco maior, 36, ás cales hai que sumar outras 4 que os están a elaborar.

O presente documento constitúe a segunda análise deste tipo que se fai na USC, aínda que centrado na actualización da información, dende un enfoque sobre todo cuantitativo, da presenza das mulleres e dos homes nos distintos colectivos e actividades esenciais da comunidade universitaria. Recompílanse ademais novos datos sobre a introdución da perspectiva de xénero na

investigación e na docencia, e compárase a situación ilustrada no primeiro diagnóstico, baseado nos anos 2005, 2006 e 2007 -segundo o aspecto de que se trate- coa realidade no ano 2010.

Igual que o primeiro diagnóstico foi unha ferramenta útil para a elaboración do I Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes (2009-2011), este pretende selo para o segundo co reto de avanzar cara á unha maior igualdade entre mulleres e homes en todos os colectivos e todas as actividades universitarias, de acordo coa folla de ruta fixada no Plan estratégico da USC 2011-2020.

## PRESENZA DE MULLERES E HOMES NA USC

### 1. PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR (PDI)

#### Distribución de mulleres e homes no PDI

A presenza das mulleres entre o persoal docente e investigador (PDI) mantense na USC nunha porcentaxe só lixeiramente superior á rexistrada no primeiro diagnóstico sobre a igualdade na institución. En 2010, as profesoras eran o 38,61% dun colectivo composto por 2300 persoas. Son apenas dúas décimas máis que en 2008, primeiro ano en que chegaron a ser máis do 38%, 1,61 puntos máis que en 2005. Malia a evolución positiva, a situación das mulleres no cadro de PDI segue estando lonxe dunha situación equilibrada, e máis se se compara cos datos de alumnado, entre o cal as rapazas son maioría dende os anos 80<sup>1</sup>. A situación semella só algo máis cerca da paridade que no conxunto do Sistema Universitario Español. Segundo os datos do INE do curso 2009-2010, nos centros propios das universidades públicas representaban o 37,56% do PDI, porcentaxe que subía ao 38,05% contando tamén os centros adscritos. No contexto galego, a presenza de mulleres entre o PDI da USC é maior que na Universidade da Coruña (35,77%) e menor que na Universidade de Vigo (40%).

#### Distribución de mulleres e homes no PDI por categoría

A segregación vertical por razóns de xénero mantense entre o PDI, pero nos últimos anos constátase unha importante melloría tanto entre as prazas de axudante doutor/a e contratadas/os doutoras/es como nas cátedras.

As prazas de axudante doutor/a estaban ocupadas en 2010 no 65,38% dos casos por mulleres, fronte ao 60% do primeiro diagnóstico, se ben estamos a falar dun colectivo de só 26 persoas, unha cifra pequena de máis para determinar ata que punto se traducirá no futuro nunha maior presenza de mulleres nas categorías superiores.

Nas cátedras de universidade tamén se produciu un positivo avance entre 2005 e 2010, de 4 puntos porcentuais, pero as catedráticas seguen a ser moi poucas (58), o 16,29% do PDI no corpo máis elevado. Son só unhas décimas menos que no conxunto do sistema universitario público

---

1 Segundo o fondo documental do Instituto Nacional de Estadística (INE), no curso 1983-1984 o 50,9% da poboación universitaria española estaba composto por mulleres. Na USC a porcentaxe era algo maior, do 54,77%. Preto de 11 700 das 21 330 persoas matriculadas eran mulleres.

español<sup>2</sup>. Acúrtase a distancia do primeiro diagnóstico, cando a porcentaxe estatal era do 14% e a da USC, do 12,3%. O mellor dato no Sistema Universitario Galego é o da Uvigo (22,4%), mentres que na UDC só o 13% das cátedras pertencen a mulleres.

Non todo son avances. No profesorado asociado produciuse en 5 anos<sup>3</sup> un notable retroceso das mulleres, de 6,51 puntos porcentuais, e non ocupan sequer 3 de cada 10 prazas (28,29%). A presenza feminina neste colectivo é así menor á media estatal (32,47%) e á da Uvigo (29,27%), pero superior á da UDC (25,79%). Tamén perde peso nas cátedras de escola universitaria, pasando do 39,5% ao 35%, aínda que este é un colectivo moi pequeno e en extinción, con só 20 persoas.

Nas prazas de titular de universidade o avance é mínimo (dun 44,1% ao 45,4% de mulleres), pero entre o colectivo que máis medrou nestes anos, o de contratadas/os doutoras/es, a evolución é moi positiva: o 54,08% das 233 persoas nesta categoría en 2010 son mulleres, case 12 puntos porcentuais máis que en 2005-2006, cando só sumaba 19 persoas. A porcentaxe é maior que a estatal, do 49% no curso 2009-2010 segundo o INE. No contexto galego, a USC ten tamén máis mulleres nesta categoría que a Universidade de Vigo (50, 29%) e a Universidade da Coruña (38,8%).


Á vista destes datos, pódese afirmar que o teito de cristal perdura para o PDI feminino da USC. Pese ao leve incremento de mulleres que acceden a cátedras, só un 16,29% están ocupadas por profesoras.

A porcentaxe de mulleres e de homes que chegan a ser catedráticas e catedráticos de universidade é quizais aínda máis reveladora. O 21% dos homes do cadro do PDI conséguen (1 punto máis que hai cinco anos), mentres que entre as mulleres só o acada un 6,53%. No seu caso a porcentaxe medrou 1,8 puntos, pero é un incremento aínda lonxe de corrixir a fonda segregación vertical de xénero que existe entre o profesorado universitario.

---

2 Todos os datos referidos ao PDI das demais universidades galegas e españolas foron extraídos do Instituto Nacional de Estadística e correspóndense ao curso 2009-2010. Os da USC son do ano 2010.

3 As comparativas temporais para o PDI baseáanse nos datos da USC a 31 de decembro de 2005, recollidos no primeiro diagnóstico sobre a igualdade na USC.



Esta realidade queda tamén ben ilustrada nas ratios de cátedras por titularidades. Na USC hai unha por cada 2,84 titularidades, unha *ratio* que diminúe a 1,85 entre os homes e que medra ata as 7,9 entre as mulleres. Así e todo é mellor que a do curso 2005-2006, cando se chegaba ás 11,1 titulares por cada catedrática. Con respecto ao contexto estatal, desde ese curso o número de titulares por cada catedrática tamén diminuíu, pasando de 8,3 a 7,2. Xa que logo, pese a que a USC reduce distancias co conxunto do sistema universitario español e a que neste as diferenzas de xénero son tamén moi significativas, os indicadores da nosa institución seguen a ser máis negativos que as medias estatais.

### Distribución de mulleres e homes por intervalos de idade e categoría do PDI

As mulleres son máis canto menor é a idade do PDI. Son só o 30,18% do persoal maior de 51 anos, aínda que esta porcentaxe é, debido ao avellentamento do cadro de persoal, 2,68 puntos maior que en 2005-2006. Porén, a crecente presenza feminina nas franxas de idade menores, ata os 35 anos, é xa maioritaria, do 57,14%. En só cinco anos, medrou máis de 10,85 puntos, unha evolución que supón unha clara tendencia positiva, sempre e cando non se produza un abandono da carreira investigadora.

A partir dos 36 anos, os homes son unha maioría ascendente en cada tramo de idade. Así, mentres dos 36 aos 40 case se roza o equilibrio de xénero (o 49,28% do PDI son mulleres), dos 41 aos 45 pásase a unha presenza feminina do 46,87% e dos 46 aos 51 non se chega a un 42%.

No tocante á promoción profesional, os datos de 2010 seguen sen permitir aventurar unha



igualdade de xénero próxima na escala máis alta da xerarquía académica, xa que a progresión da presenza das mulleres no corpo de catedráticos/as non se corresponde coa incorporación e participación das mulleres na universidade. Mentres máis de 3 de cada 10 homes de máis de 51 anos son catedráticos (o 32,7%), entre as mulleres da mesma idade só acadan a máxima categoría o 14,46%.

### **Distribución de mulleres e homes entre o PDI segundo a duración do contrato e tipo de dedicación**

Case 8 de cada 10 contratos do PDI son a tempo completo. A proporción de mulleres cun contrato deste tipo é maior que a de homes. O 41,82% destas contratacións son de mulleres, porcentaxe lixeiramente superior ao peso global das profesoras no cadro do PDI. Isto supón que o 85,58% das docentes e investigadoras da USC traballan a tempo completo, mentres que entre os homes este tipo de contrato se aplica ao 74,86%. Porén, a gran maioría dos contratos a tempo parcial son de homes, tanto os de 6 horas (78,6%) como os de 3 horas (70,8%). Esta proporción é similar á distribución por sexo do PDI dentro da categoría de asociado/a, na cal o 71,71% dos efectivos son homes e os contratos adoitan ser de 3 e 6 horas semanais (hai 483 PDI con contrato a tempo parcial e 449 asociados/as).

A gran maioría do PDI (76,26%) conta cun contrato indefinido. A proporción é aínda algo maior (79,61%) entre as mulleres e lixeiramente inferior (74,15%) entre os homes. Pola contra, os contratos de duración determinada son máis habituais entre os homes. O 25,8% ten un con data de finalización, mentres que só o 20,38% das profesoras teñen unha relación contractual coa USC por un tempo determinado. A diferenza entre sexos pode deberse, polo menos en parte, unha vez máis á maior presenza masculina no profesorado asociado.

A teor de todos os datos analizados e pese á evolución positiva en certos grupos, como a do profesorado contratado doutor, a realidade do PDI dista aínda moito do reto de eliminar a segregación vertical e horizontal por sexo en departamentos e facultades, fixado no obxectivo específico 8 do Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes da USC 2009-2011.

### Distribución de mulleres e homes no PDI por nivel educativo

A maioría do PDI conta co título de doutor/a, cunha distribución porcentual por xénero semellante á que se dá no conxunto do profesorado, aínda que cun peso un chisco maior entre as mulleres: o 38,61% do profesorado son mulleres, mentres que elas son o 39,33% do PDI con esta cualificación académica, acreditada polo 80% do cadro de persoal docente. Porén, entre o PDI cun título de enxeñaría (o 1,87% do cadro de persoal), a súa presenza retrocede ao 11,63%, cunha caída de máis de 5 puntos nun lustro. Na mesma liña, dos 5 membros do PDI que contan cunha arquitectura só 1 é unha muller, mentres que entre o persoal cunha diplomatura (1,65%) o peso feminino medra ata o 76,32% (2,58 puntos menos que en 2005). Pese ao pequeno número de persoas que implica, este acusado desequilibrio de xénero entre o persoal diplomado e enxeñeiro ou arquitecto parece reflectir os nesgos de xénero que perduran na elección de certas carreiras como as enxeñarías e os antigos maxisterios. As enxeñarías foron tradicionalmente cursadas sobre todo por homes e os maxisterios, por mulleres, unha división que se mantén hoxe en gran medida en varios destes estudos, como se verá no apartado sobre a presenza de mulleres e homes no alumnado.

### Participación de mulleres e homes do PDI nos cursos de formación

As mulleres solicitan e participan máis nos cursos de formación do PDI que os seus compañeiros. Nos tres cursos analizados, do 2007-2008 ao 2009-2010, tanto as súas candidaturas como as súas matrículas rozan ou superan o 55% do total, moi por enriba do peso das mulleres no conxunto do PDI.

### Distribución de mulleres e homes no PDI por departamento

Neste apartado, procédese á clasificación dos 75 departamentos da USC segundo a maior ou menor presenza de homes e mulleres do seguinte xeito:

- **Departamentos paritarios.** Aqueles en que a presenza de cada un dos sexos non supera o 60% e non é inferior ao 40%
- **Departamentos masculinizados.** Aqueles en que a presenza de homes é igual ou superior ao 70% do total do seu PDI
- **Departamentos feminizados.** Aqueles en que a presenza de mulleres é igual ou superior ao 70% do total do seu PDI

A USC conta con **32 departamentos** (42,66%) **paritarios**. É o caso de **9** dos 18 pertencentes á Área

de Ciencias da Saúde (Anatomía e Produción Animal, Ciencias Clínicas Veterinarias, Ciencias Morfolóxicas, Dermatoloxía e Otorrinolaringoloxía, Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica, Farmacoloxía, Microbioloxía e Parasitoloxía, Obstetricia e Xinecoloxía e Patoloxía Animal); **6** dos 18 da Área de Ciencias Experimentais (Bioloxía Celular e Ecoloxía, Botánica, Edafoloxía e Química Agrícola, Estatística e Investigación Operativa, Matemática Aplicada e Química Inorgánica); **5** dos 13 da Área de Humanidades (Filoloxía Galega, Historia Contemporánea e da América, Historia I; Literatura Española, Teoría da Literatura e Lingüística Xeral e Lóxica e Filosofía Moral); **11** dos 22 da Área Ciencias Sociais e Xurídicas (Didáctica da Lingua e a Literatura e das Ciencias Sociais, Didáctica da Expresión Musical, Plástica e Corporal, Didáctica das Ciencias Experimentais, Didáctica e Organización Escolar, Economía Cuantitativa, Economía Financeira e Contabilidade, Organización de Empresas e Comercialización, Psicoloxía Social, Básica e Metodoloxía, Psicoloxía Evolutiva e da Educación, Socioloxía e Teoría e Historia da Educación); e **1** dos 4 departamentos da Área de Ensinanzas Técnicas (Produción Vexetal).

Os **departamentos masculinizados** son os seguintes en maior número, **24** dos 75 existentes (o 32%). A área en que hai proporcionalmente máis departamentos con máis dun 70% de homes entre os seus efectivos é a das Ensinanzas Técnicas, que é ademais a única masculinizada, cun 77,2% do seu cadro de persoal composto por profesores. **Tres** dos seus catro departamentos non chegan sequer a un 30% de presenza feminina (Electrónica e Computación, Enxeñaría Agroforestal e Enxeñaría Química). Séguelle a Área das Ciencias Experimentais, onde **8** dos seu 18 departamentos (o 44,4%) están compostos en máis dun 70% por homes (Álgebra, Análise Matemática, Física da Materia Condensada, Física de Partículas, Química Orgánica, Xenética, Xeometría e Topoloxía e Zooloxía e Antropoloxía Física). En conxunto, a Área das Ciencias Experimentais ten unha representación feminina un punto porcentual inferior á media de toda a USC (37,61%). Nas Ciencias da Saúde, **5** dos 18 departamentos (27,7%) tamén están masculinizados (Cirurxía, Estomatoloxía, Medicina, Pediatría e Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública) e en conxunto esta área tampouco chega á paridade (as mulleres son o 34,92% do seu PDI).

Humanidades e Ciencias Xurídicas e Sociais son as dúas únicas grandes áreas que acadan a paridade, cun 47,27% e un 42,86%, respectivamente, de PDI formado por mulleres. Así e todo, no caso de Humanidades **3** dos seus 13 departamentos (23%) están masculinizados (Filosofía e Antropoloxía Social, Historia Medieval e Moderna e Xeografía). En Ciencias Xurídicas e Sociais isto

acontece no 22,7% dos seus departamentos, 5 de 22 (Ciencias da Comunicación, Dereito Público e Teoría do Estado, Economía Aplicada, Fundamentos da Análise Económica e Historia e Institucións Económicas).

O Departamento de Física da Materia Condensada é o caso máis extremo de estrutura masculinizada. Só un dos seus 18 efectivos (5,56%) é muller. Séguelle outro departamento da mesma familia, o de Física de Partículas (11,11%), no cal, así e todo, hai un avance positivo das mulleres nos últimos anos (en 2005 eran só o 5,6%). Ambos os dous departamentos ilustran de maneira amplificada a escasa presenza das mulleres nos estudos de Física, que nutren tamén en boa medida o Departamento de Electrónica e Computación, que só eleva lixeiramente as baixísimas porcentaxes de profesoras (16,33%).


Porén, na Área das Ciencias da Saúde a altísima presenza de mulleres nas aulas contrasta coa moi baixa de profesoras no conxunto do PDI dos departamentos de Pediatría (17,14%), Cirurxía (11,59%) e Medicina (13,5%). Con todo, nestes dous últimos casos a proporción de mulleres é algo maior que en 2005, cando eran só o 7,7% e o 10,5% dos seus efectivos, respectivamente.

Os **departamentos feminizados** son os menos comúns no conxunto da USC. Son só 4, o 5,3% do total, repartidos noutras tantas áreas: en Ciencias da Saúde, o Departamento de Enfermaría (o 73,58% do seu PDI son mulleres); en Ciencias Experimentais, o de Fisioloxía Vexetal (73,33%); en Humanidades, o de Filoloxía Francesa e Italiana (70,37%); e en Ciencias Sociais e Xurídicas, o de Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación, o departamento máis feminizado da USC, cun 76,47% do seu cadro de persoal composto por mulleres.

Máis aló desta clasificación, os restantes 15 departamentos nin chegan á paridade nin tampouco teñen a consideración de masculinizados ou feminizados segundo o criterio xa exposto. En 6 destes casos as mulleres son máis do 60% do seu PDI. Un destes departamentos é da Área de Ciencias Experimentais, o de Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía (o 65,22% dos seus membros son mulleres); 3 son de Humanidades (Filoloxía Inglesa e Alemá, cun 64,29% de mulleres; Latín e Grego, cun 61,9%; e Lingua Española, cun 66,67%); e 2 son de Ciencias Sociais e Xurídicas (Dereito Común, 64%; e Psicoloxía Clínica e Psicobioloxía, cun 64,86%). Nos 9 restantes departamentos **máis dun 60% e menos dun 70% dos seus efectivos son homes**. Tres son de Ciencias da Saúde –Fisioloxía (68,57%), Anatomía Patolóxica e Ciencias Forenses (60,87%) e Bioquímica e Bioloxía Molecular (63,16%)–; 2 son de Ciencias Experimentais –Física Aplicada (64,81%) e Química Física (65,85%); 1 é

de Humanidades –Historia da Arte (62,86%)–e 3 son de Ciencias Sociais e Xurídicas –Ciencias Política e da Administración (65%), Dereito Mercantil e do Traballo (69,23%) e Dereito Público Especial (64,52%)–.

Aínda que con menos matices, tamén é reveladora a análise realizada tendo en conta a maioría simple dun dos sexos. Na USC 53 dos 75 departamentos (o 70,6%) suman máis profesores que profesoras, mentres que só 17 (22,6%) teñen máis mulleres que homes. Os 5 restantes (6,6%) teñen o mesmo número de efectivos de ambos os dous sexos.



### **Distribución de mulleres e homes nos programas de recursos humanos**

As distintas convocatorias europeas, estatais e autonómicas de recursos humanos comprendidas entre 2007 e 2010 reflicten unha progresiva menor presenza das mulleres a medida que se avanza na carreira investigadora e suxiren que poderían estar optando máis a quedarse en postos de tecnólogas que a procurar un futuro profesional en prazas cun perfil netamente investigador.

Segundo os datos reflectidos na *Memoria de actividades de I+D+i+E da USC. Ano 2010*, a presenza feminina achegouse ao 59% no programa autonómico para persoal titulado predoutoral María Barbeito. Na versión estatal, os programas FPU e FPI, son incluso máis, o 60%, pero cando se dá o salto aos programas de contratación de persoal doutor prodúcese unha importante redución: no programa Juan de la Cierva foron o 40% da xente contratada nese período, e no Ángeles Alvariño, creado dentro do Plan Incite para favorecer a especialización de novas e novos doutores, apenas o 32%. A presenza de mulleres é aínda menor no programa europeo Marie Curie (28,5%), se ben neste caso estamos a falar de só 7 persoas en total. Nos programas de persoal doutor con experiencia confírmase a perda de mulleres: no autonómico Isidro Parga Pondal só supoñen o 36% dos efectivos (18 de 50) e no estatal Ramón y Cajal, o 23,8% (5 de 21).


Nas convocatorias estatais de contratación de persoal técnico entre 2007 e 2010 as mulleres tamén son minoría, o 33%, e ocupan 5 das 15 prazas totais, pero nas autonómicas (o programa Lucas Labrada, de formación e especialización de persoal tecnólogo e axentes de innovación e xestión de proxectos; e o Isabel Barreto, de incorporación destes perfís ao sistema de I+D+i), as que máis postos ofertaron, a porcentaxe de mulleres elévase ao 60%. Os dous programas da Xunta suman entre 2007 e 2010 un total de 135 contratos, dos cales 81 foron de mulleres.

## 2. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS (PAS)



### Distribución de mulleres e homes no PAS

O persoal de administración e servizos acada unha porcentaxe significativa de composición feminina. Dende 2001 mantense por riba do 55,5% e en 2010 chegou ata 57,91%, 1,7 puntos porcentuais máis que en 2005<sup>4</sup>. Pero ao contrario do que acontecía daquela, a presenza de mulleres neste colectivo pasa a ser algo menor da media estatal, que é dun 58,46% no conxunto das universidades públicas. A distancia coas demais universidades galegas aínda é maior: o 60,69% do PAS da Uvigo son mulleres e na UDC chegan ao 61,82%.

O 53,39% dos membros do PAS son funcionarias e funcionarios, en contraste coa realidade do colectivo en 2005, cando estes só roldaban o 40% e a maioría do PAS era persoal laboral. Porén, na análise de xénero reflíctense grandes diferenzas: máis do 64% das mulleres PAS da USC son funcionarias, mentres que só o 38,52% dos homes pertencen a este corpo. A distribución de xénero segundo a natureza do posto de traballo varía no mesmo sentido que hai cinco anos: no corpo funcionarial case 7 de cada 10 membros (69,64%) son mulleres, mentres que estas son minoría entre o persoal laboral (son 44,48, uns 3,8 puntos menos que un lustro antes).



4 Para o contraste dos datos de 2010 da USC cos das demais universidades galegas e españolas empréganse de novo os últimos datos dispoñibles no INE, do curso 2009-2010.



O grao de feminización do PAS funcionario da USC é só algo maior que a media das universidades públicas españolas (68,42%), pero bastante menor que na Uvigo (75,66%) e que na UDC (76,51).



### **Distribución de mulleres e homes por intervalos de idade e categoría do PAS**

O grupo de idade dos 41 aos 50 anos é o que concentra unha maior porcentaxe do PAS, o 44,19%. A idade media é así de 46,59 para o conxunto do colectivo, 1,79 máis que en 2005, unha diferenza que amosa o progresivo envellecemento do cadro de persoal da USC. Porén, o incremento de idade é maior entre os homes (de 2,16 anos), ata chegar a unha media de 46,96. Entre as súas compañeiras esta idade media sobe 1,62 anos e sitúase nos 46,32.

A natureza do contrato fai variar estes datos. No corpo funcional o incremento da idade media neste lustro é menor (pasou dos 46,1 aos 46,61) que no de laborais, que sofre un avellentamento maior ao dar o salto dos 43,8 aos 46,57 anos, ata case igualarse coa do funcionariado. Por sexo, neste último corpo a idade media aumentou entre os homes ao pasar dos 45 aos 46,71, mentres que no caso das mulleres permanece case igual: baixou dos 46,6 aos 46,57 anos. Estas variacións fan ademais que as mulleres pasasen de ter unha idade media 1,6 anos superior á dos homes a ser lixeiramente máis novas que os seus compañeiros. Entre o PAS laboral, a idade media subiu neste tempo en 2,3 anos para os homes e case 3 para as mulleres, pero elas seguen sendo máis novas, cunha media de 45,89 anos fronte aos 47,11 dos seus compañeiros.

A análise por idades amosa tamén a progresiva feminización do PAS nos grupos máis elevados. En 2005 a idade media das mulleres nos A1 e I era maior que a dos homes, mentres que en 2010 acontece o contrario, ao mesmo tempo que sobe a idade para eles (ata os 48,57 anos no grupo A1 e os 46,43 no I) e baixa para elas (47,94 e 43,78 anos). De feito, as mulleres son o 66,66% do PAS funcionario do grupo A1 de 31 a 40 anos e o 75% do de 41 a 50, e tamén é muller a única persoa nesta categoría de 30 ou menos anos. A súa presenza é bastante menor no grupo I do PAS laboral, agás na franxa ata os 30 anos (na cal son o 100%, pero só dous efectivos). Nos demais tramos, chegan ou exceden un chisco o 50%, excepto no que vai dos 41 aos 50 anos (43,4%), que é precisamente o que concentra máis da metade do persoal neste perfil. En calquera caso, como xa quedou sinalado, a porcentaxe de mulleres no grupo I é maior que no conxunto do persoal laboral.


### **Distribución de mulleres e homes no PAS por grupo. Mulleres e homes nos grupos máis altos do PAS**

As mulleres son maioría en todos os grupos de PAS funcionario e minoría en todos os de PAS laboral. En conxunto, o colectivo ten unha maioría de postos pouco cualificados. Só o 21,2% do persoal ocupa postos para que se require unha titulación universitaria (A1/I e A2/II). Así e todo, o seu peso medrou uns 4 puntos nun lustro, aínda que de forma desigual: os postos máis cualificados no caso do funcionariado recuaron 2,35 puntos mentres que medraron de forma significativa entre o persoal laboral, en que se pasou do 13,9% ao 22,4%.

Na lectura conxunta do PAS funcionario e laboral, a análise de xénero amosa cambios significativos no tocante aos grupos máis altos. Aínda que a presenza feminina nos grupos A e I segue sendo menor que no global do PAS, as mulleres pasaron de ser minoría en 2005 (o 41,7%) a ser maioría (54,73%), cun ascenso de 13 puntos en só un lustro. Con todo, perdura unha maior presenza masculina nestes grupos en relación ao total de efectivos segundo o sexo, aínda que é máis pequena que no pasado: só o 10,9% das mulleres chegan ás escalas máis altas do persoal de administración e servizos, pero son o dobre que en 2005, cando as acadaban o 5,4%. Entre os homes tamén o conseguen máis que daquela, aínda que cunha diferenza menos acusada (12,4% fronte ao 9,8%).

Na análise concreta do PAS funcionario, prodúcese un incremento de máis de 6 puntos na presenza de mulleres no A1 con respecto á metade da década anterior. Se en 2005 era do 62,5% neste grupo, en 2010 son xa o 68,89%, menos dun punto por debaixo da presenza feminina global no PAS funcionario. Pola contra, a presenza masculina recúa do 37,5% ao 31,1%, pero así e todo é algo maior á porcentaxe total de homes no funcionariado (30,36%).

No caso do PAS laboral os cambios ao longo destes anos son máis acusados. En 2005, os homes eran máis de 7 de cada 10 persoas no grupo máis alto, o I. Hoxe, aínda que as mulleres son minoría, atópanse nunha situación de paridade en termos legislativos (48,54%). A presenza feminina neste grupo é ademais maior que no conxunto do PAS laboral, xusto o contrario do que acontece cos homes (o 51,46% do grupo I e o 55,52% de todo o colectivo). Porén, no grupo II e no IV as mulleres perderon presenza neste lustro, se ben este retroceso require unha análise en que se teña en conta tamén a funcionarización neste tempo de parte do PAS laboral.



A menor presenza de mulleres prodúcese entre o PAS laboral non clasificado en grupo ningún, baixo a etiqueta de *outros*, que inclúe tres persoas de alta dirección, ningunha delas muller. Aínda que neste caso estamos a falar de só 6 efectivos, así e todo chama a atención que só unha delas sexa muller.

Na análise conxunta do PAS funcionario e laboral, perdura unha maior presenza masculina nos grupos máis altos en relación ao total de efectivos segundo o sexo.

#### Distribución de mulleres e homes no PAS por centros de traballo

As mulleres son o 58,90% do PAS que traballa en centros docentes e institutos da USC, só un chisco máis que no conxunto do colectivo (57,91%). Só son menos do 40% na Facultade de Ciencias de Lugo (22,22%), no Instituto de Investigación Tecnolóxica e no Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas, onde cada un dos seus efectivos é un home. No extremo contrario, chegan ao 70% en Farmacia; excédeno en Matemáticas (73,68%), o Centro de Investigación en Química Biolóxica e Materiais Moleculares (75%) e Ciencias da Educación (81,48%), e son o 100% do PAS na Escola Universitaria de Relacións Laborais de Santiago, o Instituto da Lingua Galega e o Aulario de Medicina, Odontoloxía e Enfermaría, se ben nestes centros hai só 1 efectivo no primeiro, mentres que os outros dous teñen 2, respectivamente.

As residencias e colexios maiores contan tamén cunha maioría de PAS feminino (60,53%), pero nas instalacións deportivas e culturais non chegan a ser 4 de cada 10. Así, na Biblioteca Concepción Arenal son o 35,29% e na piscina, o 39,39%.

Nos clasificados como *servizos da USC*, as mulleres son un 58,48% e chegan a ser 7 ou máis de cada 10 efectivos na Casa da Balconada, na Casa da Concha, na Casa Jimena e Elisa Fernández de la Vega e no CACTUS de Lugo. Porén, non chegan ao 40% no Pavillón de Servizos (33,62%), no Chalé Campus (28,26%) e na Casa Gradín, onde só 1 dos 8 efectivos é muller.

No resto das instalacións, chama a atención o feito de que a totalidade do cadro de persoal da Escola Infantil Breogán sexan mulleres (15). Neste caso, non parece aventurado interpretar a ausencia de homes como mostra da asociación cultural do coidado de cativas e cativos a unha tarefa propia de mulleres. Os nesgos de xénero que perduran aínda en parte das profesións podería explicar tamén que todos os efectivos de almacén–mantemento sexan homes. Neste caso hai que ter en conta que estamos a falar de só dúas persoas, pero mesmo cando había o dobre de persoal ninguén era muller.

### 3. ESTUDANTES

#### Evolución da distribución por sexo entre o estudiantado da USC

No curso 2009-2010, as mulleres eran o 64,2% do alumnado da USC nos estudos de 1.º e 2.º ciclo e grao, moi por enriba da media estatal, do 53,62%. Con todo, a porcentaxe experimentou unha, aínda que mínima, caída nos últimos cursos, tras chegar ao 65,2% no 2006-2007. O descenso non é en calquera caso dabondo para que a USC perda a súa condición de primeira universidade do Estado en presenza feminina nas súas aulas, seguida no segundo posto pola Universitat de Barcelona (61,23%).

A alta presenza mantense dende hai tempo, cunha maioría de alumnado feminino xa dende os anos 80. No curso 1998-1999 as mulleres eran o 63,92% do estudiantado da USC, máis de 10 puntos por riba da media estatal.

A distancia é aínda maior se a comparación se fai coas outras dúas universidades galegas. Na UDC o alumnado feminino é minoría (48,62%) e na Uvigo, pouco máis do 51%. A presenza feminina por debaixo da media nestas dúas institucións atopa en parte explicación polo maior peso na súa oferta das enxeñarías, en parte das cales perdura unha fonda segregación horizontal. As mulleres son só o 26,7% do estudiantado de arquitectura, enxeñarías técnicas e enxeñarías en España, unha porcentaxe que na UDC medra ata o 32,29% e que cae ao 24,86% no caso da Uvigo. Na USC estas ensinanzas acadan a paridade en termos legislativos, cun 40,59% de mulleres no total das súas carreiras. A diferenza da nosa institución a favor dunha maior presenza de mulleres hai que busca na desigual matrícula en función do xénero nas distintas enxeñarías. A USC oferta títulos deste tipo en que se acada a paridade no conxunto do Estado e mesmo hai máis mulleres que homes. É o caso da Enxeñaría Química, que ten un 51,4% de mulleres matriculadas en toda España, porcentaxe que chega a case o 55% na USC. Pola contra, no grao compostelán de Enxeñaría Informática as mulleres son só 17 de cada 100 persoas matriculadas e, pese ao pírrico desta porcentaxe, son máis que no conxunto do sistema universitario español (15%).

### **Distribución de mulleres e homes segundo o campus da titulación en que se matriculan**

O campus de Lugo oferta 6 dos 8 graos de enxeñaría da USC, un dato que axuda a entender en parte a menor representación feminina no seu alumnado que no de Santiago de Compostela. Así e todo, Lugo é un campus máis feminizado que o conxunto do sistema universitario español. As mulleres son o 57,56% do estudiantado de 1.º e 2.º ciclo, grao e os POP, case igual que tres cursos antes.

En Santiago a porcentaxe de mulleres do curso 2009-2010 é do 65,68%, 1,12 puntos menor que tres anos antes, de acordo co descenso da presenza feminina en todas as áreas de coñecemento neste lapso de tempo. Pero salvo nas enxeñarías, minoría neste campus, o descenso é pequeno de máis para concederlle certo valor e as alumnas seguen sendo ampla maioría en todas as áreas con máis peso, especialmente nas carreiras de Ciencias da Saúde, área en que máis de 7 de cada 10 persoas matriculadas son mulleres.

### **Distribución de mulleres e homes entre o estudiantado por áreas de coñecemento en que se matriculan**

A presenza de alumnas nos estudos de grao e de 1.º e 2.º ciclo nas diferentes áreas de coñecemento é maioritaria en todas agás na de Ensinanzas Técnicas. Neste grupo de carreiras é ademais no que se sofre un maior retroceso na porcentaxe de mulleres nas aulas con respecto ao curso 2006-2007. Daquela as rapazas supuñan o 46,5% da matrícula, case 6 puntos máis que o 40,59% ao cal se recuou no 2009-2010, un valor mesmo case 1 punto por debaixo do que se rexistraba hai 15 anos, en 1996. Este retroceso, xusto na área en que perduran os nesgos de xénero que separan a maioría das mulleres do acceso a parte do coñecemento –e tamén a algúns dos estudos con maiores expectativas laborais–, obriga a prestar unha atención especial nos vindeiros cursos á estratexia de captación de alumnado. Con todo, como xa quedou indicado no apartado anterior, a presenza feminina nas enxeñarías ofertadas pola USC é bastante maior á do conxunto das universidades do Estado (26,7%).

O resto das áreas experimentan tamén un retroceso, pero moito menor. En Ciencias da Saúde o ano académico 2007-2008 foi aquel en que se acadou unha maior presenza feminina (74,35%). Dous cursos despois caeu ao 73,28% (-1,07), pero continuando moi por enriba da media da propia USC (9,08 puntos porcentuais máis) e do Sistema Universitario Español (+19,66). Neste grupo de carreiras o comportamento de matrícula en función do xénero é moi similar ao do conxunto das

universidades españolas, nas cales as mulleres son o 72,39% das persoas matriculadas.

A seguinte área de coñecemento en presenza feminina é a de Ciencias Xurídicas e Sociais, cun 66,69% de mulleres nas súas carreiras que cobra aínda máis importancia se se ten en conta que esta é a maior área da USC, con máis do 48% de todo o seu alumnado. Nela a caída con respecto ao pico máximo de presenza feminina acadado no 2007-2008 é tamén leve, de só 1,39 puntos, manténdose por enriba da media de toda a Universidade.

En Humanidades a presenza feminina é un chisco menor, dun 63,08%. A porcentaxe é 1,82 puntos inferior á acadada no curso 2005-2006 (64,9%), e tamén é menor á media de mulleres en todas as carreiras da institución.

As Ciencias Experimentais tamén perden mulleres: en 2005 eran o 59,3% da matrícula; en 2009-2010 son o 57,82%, de modo que a presenza feminina recuou nestes estudos 1,48 puntos porcentuais. O valor é tamén unhas décimas inferior ao 58,3% de alumnado feminino que había nesta área en 1996.

Xa que logo, con respecto aos datos do curso 2006-2007 reflectidos no primeiro diagnóstico de igualdade da USC, todas as áreas de coñecemento perden menos de 2 puntos porcentuais de presenza feminina, agás a área de Ensinanzas Técnicas. Esta experimenta unha caída en puntos máis de tres veces maior que a de Humanidades, a seguinte área con maior perda, que é aínda superior tendo en conta que conforman a única área en que as alumnas son minoría.


### **Distribución de mulleres e homes entre o estudiantado por titulación**

Neste apartado clasificaranse as carreiras atendendo ao mesmo criterio empregado na análise de xénero dos departamentos, a partir dos datos do curso 2009-2010. Desde xeito, consideraranse carreiras paritarias aquelas en que ningún sexo representa menos do 40% da matrícula nin máis do 60%, indicaranse como masculinizadas aquelas en que os homes sexan polo menos o 70% do estudiantado e etiquetaranse como feminizadas aquelas en que este límite mínimo se dea nas rapazas.

No curso 2009-2010 a convivencia de licenciaturas, diplomaturas e graos elevou a 93 o catálogo de carreiras vixentes. Delas, só 22, o 23,65%, presentaban unha distribución paritaria de mulleres e homes, isto é, menor que a media global de feminización dos estudos da USC. Varios son títulos do campo da economía e das ciencias empresariais, nos cales a presenza feminina é menor á media da área de Ciencias Xurídicas e Sociais, igual que acontece nos estudos de Ciencias Políticas


e da Administración. Chama tamén a atención como se aproxima ao equilibrio de xénero matemático o Maxisterio de Educación Musical, que se escapa da forte feminización da maioría dos estudos da súa mesma familia. Nas Humanidades acontece o mesmo coa Filoloxía Portuguesa, Filosofía e Historia. Nestas dúas últimas carreiras a presenza feminina non só é inferior á da súa área de coñecemento, senón que tampouco chega ao 50%, seguindo a tónica habitual ao longo do tempo. Nas enxeñarías, 6 dos 14 títulos impartidos no curso analizado acadan a paridade e contribúen a mantela para o conxunto das ensinanzas técnicas pese á forte masculinización doutras das súas carreiras.





Cinco títulos ofertados pola USC no curso 2009-2010 non acadan o 30% de alumnado feminino, poñendo en evidencia o que ocultan as cifras globais: a persistencia no tempo de patróns educativos que provocan nesgos de xénero na escolla dos estudos e, en consecuencia, do futuro profesional. O fenómeno xéstase xa nas primeiras etapas educativas e queda patente no bacharelato. Segundo os datos da Consellería de Cultura e Educación do curso 2010-2011, algo máis da metade das adolescentes que cursan bacharelato decántanse pola rama de humanidades e ciencias sociais (51,5%), elixida por só o 38% dos mozos. Porén, mentres case 6 de cada 10 rapaces escollen o bacharelato de ciencias e tecnoloxía, esta é a elección de só o 43,5% das mozas.

O novo grao de Enxeñaría Informática é a carreira máis masculinizada na USC, con apenas 17 mulleres por cada 100 persoas matriculadas. A porcentaxe é varios puntos inferior á rexistrada nos cursos anteriores e no propio 2009-2010 pola súa predecesora no sistema pre-Boloña, a Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas. No conxunto estatal no mesmo período académico as rapazas son aínda menos, só o 15,6% do alumnado de Enxeñaría Informática. Outras dúas carreiras masculinizadas son tamén enxeñarías, ás cales hai que sumar o grao de Física. Neste último caso, preocupa, se se confirmase no tempo, o retroceso da matrícula feminina, que pasou de superar, aínda que moi lixeiramente, o 30% a caer ao 23,6%.




Aínda que non chegue a ter a etiqueta de carreira masculinizada, é interesante tamén comentar a elevada presenza de homes entre o alumnado dos estudos de Xeografía (67,65%) no curso 2009-2010. Neste título ten sido habitual unha maioría de homes nas aulas, en contraste coa tendencia da súa área de coñecemento, pero así e todo a porcentaxe do último ano analizado está bastante


por riba do 59% arredor da cal se situou nos anteriores.

Tamén é rechamante o 66,67% de estudantado masculino na especialidade de Educación Física no título de Mestre/a, que contrasta (aínda máis que a de Educación Musical) coa alta feminización das demais especialidades.

Un total de 36 licenciaturas, diplomaturas e graos impartidos no curso 2009-2010, o 38,7% do total, están feminizados. Nalgúns casos hai que falar mesmo dunha hiperfeminización que non se está a reducir co paso de tempo. Os mesmos patróns educativos que afastan as rapazas de moitos estudos técnicos manteñen os rapaces moi á marxe de carreiras do mundo da educación e da sanidade, ambos os dous cunha compoñente de coidado das persoas que tradicionalmente se asimila como unha responsabilidade feminina. De feito, é nalgún destes títulos onde se dá unha maior infrarrepresentación dun sexo. O título de Mestra/e de Educación Infantil acadou como moito nos últimos anos pouco máis dun 10% de matrícula masculina, un limiar de que se distancia no último curso analizado, con menos dun 8% en Santiago e menos dun 6% en Lugo. Os homes tampouco chegan sequera ao 20% en Pedagogía, Psicopedagogía, Educación Social ou Traballo Social.

Enfermaría e o grao de Psicoloxía alcanzan a maior feminización da área Ciencias da Saúde, unha área en que todas as carreiras, agás Veterinaria, chegan polo menos ás 7 mulleres por cada 10 persoas matriculadas.





### **Distribución de mulleres e homes no terceiro ciclo**

A presenza de mulleres no terceiro ciclo, porta de entrada á carreira da docencia universitaria e a investigación, é maior que a dos homes, pero sofre unha caída con respecto aos estudos de 1.º e 2.º ciclo e grao. No curso 2009-2010, a presenza feminina no conxunto desta etapa foi do 55,64%, un chisco por enriba do 54,1% da rexistrada no 2005-2006 e 8,6 puntos por debaixo da media dos primeiros ciclos universitarios.

Na etapa de formación, tras medrar ata o 59,17% en 2007-2008, dous anos despois a presenza de mulleres recúa ao 55,86%, mentres que na etapa de tese no mesmo período medra do 52,31% ao 55,56%. Este avance é duns 4,66 puntos porcentuais máis que no 2005-2006 e contrasta co descenso de 1,84 puntos no mesmo período na etapa de formación. Os datos obrigan a unha comparativa máis prolongada no tempo para poder concluír se se consolida unha maior continuidade das mulleres na etapa de tese ou se, pola contra, como se constatou en períodos anteriores, tende a diminuír.

Na comparativa estatal, a perda de mulleres no terceiro ciclo con respecto ás etapas anteriores é moito maior na USC que no conxunto do sistema universitario español, no que recúa menos de 2 puntos, segundo os datos do INE.

### **Distribución de mulleres e homes no terceiro ciclo por grandes áreas**

Como sucedía nas anteriores etapas de formación, nas do terceiro ciclo as cifras globais tamén agochan diferenzas entre áreas de coñecemento, aínda que de distintas intensidade. Nas Ensinanzas Técnicas repítese a evolución temporal negativa na porcentaxe de mulleres: mentres no curso 2005-2006 eran o 45% do estudantado nos cursos de doutoramento e na etapa de tese, no 2009-2010 non chegan ao 44%. Así e todo, son máis que o alumnado de 1.º e 2.º ciclo nestas ensinanzas ese mesmo curso. As cifras demostran ademais que é máis habitual entre as rapazas matriculadas nesta grande área de coñecemento cursar estudos de doutoramento, onde chegaron a ser o 52,3% no 2009-2010, se ben na etapa de tese ese curso non chegan a 4 de cada 10, tras ser o 46,4% no 2007-2008.

É tamén rechamante a evolución, negativa, dos datos de matriculación feminina no terceiro ciclo das Ciencias Experimentais. De rozar o 52% no curso 2005-2006 pasou a significar menos da metade, o 47,7%, uns 10 puntos por debaixo da presenza feminina nesta área de coñecemento nas etapas formativas anteriores. Cómpre sinalar ademais que esta área, xunto coa das

Ensinanzas Técnicas, é unha das dúas en que as mulleres son sempre minoría neste período na etapa de tese. Con todo, neste apartado produciuse un incremento notable dende mediados da década pasada. Daquela a matrícula feminina era só do 41,7% e no curso 2009-2010 situouse, tras subidas e baixadas, no 48,12%.


En Ciencias da Saúde rexístrase a máis brusca caída (de máis de 14 puntos) do alumnado feminino ao dar o salto do 1.º e 2.º ciclo e os graos ao terceiro ciclo, xa que de ser case o 73% nos primeiros, pasa a ser o 58,26% neste último. Na análise temporal, nesta área hai tamén fluctuacións, pero cun balance positivo: no curso 2005-2006 as mulleres eran o 56,4% das persoas matriculadas no terceiro ciclo, mentres que no curso 2009-2010 chegaron a ser o 58,26%.

Ciencias Xurídicas e Sociais perde a súa condición da seguinte área máis feminizada nos 1.º e 2.º ciclos e graos ao chegar ao terceiro ciclo. Neste último as alumnas supoñen o 57,44% do total da matrícula, uns 9 puntos porcentuais menos que nas etapas anteriores pese a gañar paseniñamente peso e acadar unhas boas taxas de continuidade entre o período formativo e o da tese.

A área cunha maior presenza feminina no terceiro ciclo no curso 2009-2010 é a de Humanidades. Tras chegar a superar o 57% no curso 2007-2008, dous despois situouse no 58,50%, sen diferenzas apreciables entre a etapa de formación e a de tese.

### **Distribución de mulleres e homes que acadan o título de doutor/a**

A evolución nos últimos anos da porcentaxe de mulleres no total de persoas que conseguen o título de doutor/a pola USC é negativa de se confirmar como tendencia a forte caída rexistrada no curso 2009-2010. En 2005-2006, as mulleres eran o 49,7% das persoas que acadaban o doutoramento. Tras pequenas oscilacións, rozando ou superando apenas o 49%, no último curso analizado a porcentaxe caeu por debaixo do 42%, máis de 22 puntos por debaixo da presenza feminina na USC nos estudos de licenciatura, diplomatura e grao.





#### 4. PARTICIPACIÓN NOS ÓRGANOS DE GOBERNO, XESTIÓN E REPRESENTACIÓN

A composición dos distintos órganos de goberno, xestión e representación da USC reflicte na maioría dos casos unha representación feminina por debaixo do que lle correspondería e sen que o paso do tempo garanta unha evolución positiva. Hai ademais diferenzas significativas segundo o órgano que se analice e os mellores resultados reflíctense na composición dos equipos de dirección, formados polas persoas que ocupan a Reitoría, as diferentes vicerreitorías, a Secretaría Xeral e a Xerencia.

Dende 1982 ata 1994, ningunha muller ocupou un destes cargos unipersoais. A partir de mediados dos 90, a participación feminina neles foi aumentando paseniñamente. En 2006 deuse un importante salto cuantitativo e cualitativo, cun novo consello de dirección que incrementou a presenza feminina en case 6,7 puntos porcentuais con respecto ao anterior, co obxectivo declarado de ser paritario. A paridade como tal (40/60) non se alcanzou (as mulleres eran o 37,5%), pero por primeira vez a USC tivo igual número de vicerreitoras que de vicerreitores. O seguinte equipo de dirección, constituído en 2010, deu un decidido paso adiante máis, ata chegar ao 53,33% e superar amplamente o límite mínimo da paridade, cumprindo coa presenza equilibrada que reclama a LOMLOU para os órganos de goberno universitarios. Tras unha remodelación posterior, as mulleres son 6 dos 13 membros do equipo de dirección e o 50% exacto sen contar o reitor. Cómpre ademais destacar que as últimas eleccións á reitoría supuxeron outro paso histórico: por primeira vez houbo candidaturas femininas, tres das sete presentadas.

##### **Distribución de mulleres e homes no Consello de Goberno, Claustro Universitario e xuntas de centros**


Pero a evolución da presenza feminina dos equipos de dirección non atopa reflexo nos demais órganos de goberno e representación da USC. No **Consello de Goberno** mesmo se deron pasos atrás. En 2006 as mulleres eran o 33,3% dos seus 51 membros. Nos anos seguintes esta porcentaxe sufriu retrocesos e avances, ata unha nova caída, ao 28,3% en 2010. A finais de 2011, as mulleres son só unha terceira parte do Consello de Goberno e aínda algo menos, un 30,23%, se non se computa o equipo de goberno. Ademais, dos 8 membros do colectivo de profesorado doutor con vinculación permanente, só 1 é muller (12,5%), os 4 do colectivo *restante PDI* son todos homes e só 3 dos 9 representantes do alumnado son rapazas, o 33%, case a metade da

presenza real das alumnas nas aulas. As mulleres son só maioría entre as persoas que representan os decanatos (57%), mentres que na representación do PAS hai un equilibrio matemático (2 homes e 2 mulleres). Tamén hai paridade na representación das direccións de departamentos (4 homes e 3 mulleres), en contraste coa total ausencia de mulleres entre os voceiros do Consello Social da USC (3 homes). O único representante das direccións de institutos da Universidade é tamén un home.

No **Claustro** repítese unha situación con oscilacións semellantes, aínda que os datos de 2010 indican un leve incremento da participación feminina, ata chegar ao 35,33%, moi lonxe do máis do 60% do total da comunidade universitaria que representan as mulleres. O dato é só 1,77 puntos porcentuais superior ao do ano 2006 e amosa un moi lento avance da presenza das mulleres neste parlamento universitario, que dende 1994 que se mantén arredor do 30%.

A análise por sectores non suaviza a negativa lectura dos números neste órgano. Chaman especialmente a atención os referidos ao estudiantado de 1.º e 2.º ciclo: pese a que as mulleres son o 64% deste colectivo, só ocupaban en 2010 o 36,62% dos seus escanos no que é o maior órgano de representación da comunidade universitaria. Isto significa ademais un notable retroceso, de 9,7 puntos, na participación das mozas con respecto a catro anos antes, unha involución que debe convidar tanto as organizacións estudiantís (as que adoitan presentar candidaturas neste sector) como a estrutura institucional encargada de promoverla a reflexionar sobre que se debe facer para corrixir este mal dato.


A representación no estudiantado de terceiro ciclo goza dun maior equilibrio de xénero, cunha presenza feminina en 2010 do 44,44%. Neste sector repítense as oscilacións notables no últimos cinco anos, aínda que neste caso o dato porcentual ten un valor máis limitado, xa que conta só con 9 membros.



Outro colectivo que cumpre coa paridade é o do PAS. Conseguiuna en 2010, cun 41,67% de mulleres no total da súa representación, tras quedar ás portas no período anterior. Aínda así, esta porcentaxe está uns 16 puntos por debaixo da presenza real das traballadoras no conxunto do PAS da USC.


No tocante ao PDI funcionario, a porcentaxe de mulleres claustrais avanzou do 25,16% no período 2006-2010 ao 31,25%. Sitúase así aínda a máis de 7 puntos de distancia da presenza feminina no conxunto do persoal docente e investigador. No caso do PDI contratado, tras gañar algo máis de 4 puntos, a participación feminina chega á paridade cun 42,2% dos escanos correspondentes a este sector.

Nas **xuntas de facultade e escola**, os órganos de representación máis relacionados co escenario diario de traballo e estudo da comunidade universitaria, hai un maior equilibrio entre mulleres e homes, sen que se producisen cambios significativos nos últimos anos. A presenza de mulleres en representación do PDI é nesta estrutura de proximidade moi similar á real, mentres que no alumnado e no PAS están por debaixo da alta feminización de ambos os dous colectivos, pero por riba en calquera caso do 50%.




### Distribución de mulleres e homes nas direccións dos centros e dos departamentos

A presenza de mulleres na dirección dos centros docentes experimentou un incremento notable durante os últimos anos, de case 11,5 puntos con respecto aos datos do primeiro diagnóstico. No período 2006-2010, chegaron a ser case o 39,5% das persoas nomeadas decanas ou directoras de escola. Aínda que non se alcanza a paridade, hai que ter en conta que as mulleres eran en 2010 o 38,61% do PDI, de xeito que en realidade si que se podería falar de equilibrio de xénero. Tamén medrou do 38,1% ao 47,14% a presenza feminina en vicedecanatos e vicedireccións, mentres que nas secretarías recuou do 59,3% ao 52,72%. Deste descenso pódese tirar tamén unha lectura positiva, na medida en que cada vez habería máis homes que ocupan un cargo que debido á polisemia do nome que o designa pode sufrir unha consideración menor que semella explicar que tradicionalmente fose ocupado por moitas máis mulleres.



Pero nos departamentos non acontece o mesmo. En conxunto, houbo un lixeiro retroceso na presenza feminina nas direccións destas estruturas, ao pasarse do 25,3% do primeiro diagnóstico ao 24,59% no período 2006-2010, mentres que á fronte das súas secretarías medrou, do 49,4% ao 55,17%. En todas as grandes áreas, agás a de Ciencias Xurídicas e Sociais, as proporcións das mulleres nas direccións departamentais seguen estando bastante por baixo da presenza global feminina no PDI e rexístrase unha evolución dispar. O cambio máis positivo é o feito de pasar dunha situación en que non había ningunha directora de departamento na área de Ensinanzas Técnicas a contar con unha entre os 8 nomeamentos (12,5%) rexistrados entre 2006 e 2010. Na área de Ciencias Experimentais o avance é mínimo (do 10,5% ao 13,79%), igual que na de Ciencias da Saúde (do 22,2% ao 23,8%) e na de Ciencias Xurídicas e Sociais (do 40,9% ao 43,58%), mentres que na área de Humanidades se produciu unha importante caída no número de directoras de departamento, pois pasou de representar case o 43% dos nomeamentos a só o 12%.




A proporción de mulleres, pola contra, está por enriba do seu peso no conxunto do PDI en todas as áreas de coñecemento no apartado de nomeamentos das secretarías departamentais. A maior dáse nas Ciencias Experimentais, cun incremento de máis de 20 puntos e rozando o 69%. Aumenta tamén, aínda que só unhas décimas, nas Xurídicas e Sociais, ata o 66,6%; e cae do 61% ao 37,5% nas Ciencias da Saúde. Nas Ensinanzas Técnicas, chégase ao 33,3%, máis do triplo que no primeiro diagnóstico.


## 5. INVESTIGACIÓN E XÉNERO

### As mulleres na investigación

As tarefas de coordinación dos grupos de investigación seguen a ser desenvoltas maioritariamente por homes, e en maior medida do que lles correspondería de acordo coa súa presenza no conxunto do PDI. Con todo, nos últimos anos o número de persoal docente e investigador feminino que asume estes postos experimentou un incremento notable, de máis de 9 puntos en menos dun lustro. En 2006, menos do 24% das persoas coordinadoras eran mulleres, porcentaxe que chegou ao 33,24% en 2010, uns 5,4 puntos por debaixo da presenza feminina no conxunto do PDI. Isto quere dicir que, das 361 persoas con funcións de coordinación que había ese ano, 120 eran mulleres.




Nas cifras de investigadoras principais dos distintos proxectos financiados por fondos públicos a través de convocatorias competitivas non se consolidan avances. Na última década hai subas e baixadas constantes e en 2010 mesmo se produciu un retroceso: tras acadar o 25,3% en 2009, ao ano seguinte recuou ao 22,77%.



No apartado de captación de recursos externos de I+D en convocatorias competitivas, chama a atención o notable incremento dos fondos acadados por mulleres nas convocatorias competitivas en 2007 e no ano 2008. De non chegar como norma ao 20% no período 2000-2006, nos dous anos seguintes pasouse ao 36,66% e o 40,64%, respectivamente, superando o que lles correspondería captar segundo a súa presenza no conxunto do PDI. Pero este grande avance non marca tendencia e semella ser circunstancial: a partir de 2009 prodúcese un retroceso duns 15 puntos, volvendo a niveis por debaixo do peso feminino no PDI. De manterse a contribución feminina neste apartado dos dous últimos anos analizados, 2009 e 2010, confirmaríase un incremento de só 5 puntos nunha década.





### A perspectiva de xénero na investigación

Segundo os datos remitidos á OIX polos propios grupos de investigación, na USC hai polo menos 16 que desenvolven algunha liña de traballo con perspectiva de xénero. Todos eles suman 39 proxectos de investigación con financiamento externo nos cales introducen esta perspectiva e a gran maioría pertence á área das Ciencias Xurídicas e Sociais. As únicas excepcións son a dun grupo de Historia, na rama de Humanidades, e a da Unidade de Psicoloxía Forense, na das Ciencias da Saúde. Esta é tamén un dos grupos que máis proxectos deste tipo suma, 4, os mesmos que o grupo de Studyfeminismoxénero, o grupo Econometría e Estudos Cuantitativos de Desenvolvemento Económico Europeo e Internacional e o Ius Publicum, se ben o que declara máis é o de Redes Sociais e Organizacións Complexas, con 5.

No tocante aos labores de extensión universitaria, son 10 os grupos de investigación que declaran ter desenvolvido nos últimos anos algún tipo de proxecto deste tipo con financiamento externo con perspectiva de xénero. Suman en total 30. Os máis habituais refírense á organización de seminarios e cursos, aínda que tamén hai exemplos de publicacións de libros. Outros 5 grupos declaran ter asinado convenios e contratos de colaboración con perspectiva de xénero (19). Neste apartado sobresaia a Unidade de Psicoloxía Forense, con 7 convenios e contratos de investigación coas administracións autonómica e local para desenvolver programas como o de reeducación de

maltratadores de xénero ou asistencia psicolóxica forense á Xustiza.

As teses que incorporan esta perspectiva son outro indicador de interese. Nos últimos anos, defendéronse polo menos 12 e nestes momentos están a ser dirixidas outras 25. Ao igual que acontece cos proxectos de investigación, practicamente todas pertencen a área das Ciencias Xurídicas e Sociais. Outra é unha tese de Historia, pero chama a atención a que se está a desenvolver na Unidade de Xestión Forestal Sostible, un bo exemplo de como a mirada de xénero pode aplicarse nos estudos científico-técnicos. Nesta tese, sobre o cambio climático como escenario na xestión dos recursos forestais no parque nacional Cofre de Perote, en México, dedícase un capítulo a como as mulleres os xestionan.

## **6. INCORPORACIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA**

No primeiro diagnóstico sobre a igualdade na USC, do ano 2008, só 9 materias nas distintas licenciaturas aludían de forma explícita á perspectiva de xénero. Tres anos despois, compútanse 118, ademais de todas as de Psicoloxía. En total, 23 dos 48 graos ofertados (47,91%) contan con algunha materia con esta perspectiva.

Nos posgraos tamén se constata unha importante evolución. Se en 2008 só 5 programas de doutoramento dicían ter un total de 5 materias con esta perspectiva, no curso 2010-2011 son 68 de 10 másteres oficiais, o 13,5% dunha oferta en toda a USC de 76 títulos deste nivel. Mención aparte merece o máster de Educación, Xénero e Igualdade, que forma persoas expertas en educación dende unha perspectiva de xénero e que, xa que logo, a inclúe en todo o seu programa. Pero a evolución dos datos en todo o catálogo de títulos, máis que un aumento real da inclusión de perspectiva de xénero en distintas materias, obedece a unha crecente consciencia do que esta significa.

En 2008, na lista só figuraban aquelas materias que explicitamente levan a etiqueta de xénero no seu nome, referidas a uns campos moi concretos: as ciencias da educación, a psicoloxía, o traballo, o dereito, a ciencia política e a literatura. Na actualidade non hai ningunha das cinco grandes áreas de coñecemento que non conte con algunha materia en que se inclúa esta perspectiva, aínda que hai notables diferencias entre elas.

Comentario especial merecen as ramas das Ciencias e das Ciencias da Saúde. Na de Ciencias, só 1 grao de 4 di expresamente ofertar unha materia con perspectiva de xénero, se ben nesta macroárea de coñecemento hai varias titulacións de que non se dispón de datos. En calquera caso, hai que subliñar que é común a esta rama e á das enxeñarías a percepción de que a introdución da perspectiva de xénero resulta complicada nos seus diferentes estudos, ou mesmo innecesaria. Isto parece demostrar que se mantén unha visión parcial do que significa a perspectiva de xénero, limitada ás ciencias sociais e ás humanidades, ou a historia das achegas das mulleres ao coñecemento ao longo dos séculos. Isto indica que seguen sendo moi necesarios os esforzos encamiñados a divulgar entre o corpo docente en que consiste esta perspectiva dende os múltiples enfoques posibles e, especialmente, nestas áreas. Non obstante, hai xa moi bos exemplos para seguir en estudos netamente científico-técnicos (varias materias como Enxeñaría Informática, por exemplo, ou algunha do grao de Enxeñaría de Procesos Químicos Industriais).

O caso da área de Ciencias da Saúde demostra de novo a necesidade deste esforzo, aínda que a

análise se ve limitada pola ausencia de datos da súa maior facultade, a de Medicina. Pese a que, salvo Veterinaria, todos os graos deste grupo se refiren á saúde humana, só dende Psicoloxía se responde que dada a súa temática a totalidade das materias impartidas incorporan dalgún xeito esta perspectiva. No resto, de novo priman as respostas en que se indica tanto que non existen materias con perspectiva de xénero como que non procede, á excepción do grao de Nutrición Humana e Dietética, onde se cita unha materia.

O groso dos graos con materias con perspectiva de xénero concéntranse na área de Ciencias Xurídicas e Sociais. É, de feito, a que máis graos oferta na USC (o 35,4% do catálogo). Doce dos 17 graos que a integran (70,5%) declaran ter algunha materia con esta perspectiva, aínda que a súa presenza é moi variable, dende carreiras en que só teñen unha ou dúas ata un máximo de 12, que é o caso de Xeografía e Ordenación do Territorio, onde significan o 26,6% das materias. Séguenlle os graos de Relacións Laborais, tanto en Santiago como en Lugo, con 9 materias. Significan o 20% das materias do plan de estudos.

Na área de Humanidades, a perspectiva de xénero recoñécese en 8 das 10 titulacións de grao, aínda que unha vez máis con diferenzas acusadas. Chama de novo positivamente a atención o caso dos graos da Facultade de Xeografía e Historia, cuxa evolución parece demostrar os bos resultados dos esforzos feitos como centro na divulgación da perspectiva de xénero: en Historia e Historia da Arte téñena o 43% das materias. Nos graos da Facultade de Filoloxía, son 6 as materias impartidas nos distintos graos nas que se recoñece unha perspectiva de xénero, aproximadamente o 15% das que compoñen cada un dos títulos; en Filosofía aparece en 4 (o 8%). As consideracións expostas refórzanse na análise dos posgraos. Neste nivel formativo a perspectiva de xénero só se constata en másteres da área de Humanidades e da de Ciencias Xurídicas e Sociais, e nunha soa materia, ou en 2 ou 3 como máximo en cada un deles. A excepción é o caso do máster de Educación, Xénero e Igualdade, que obviamente a incorpora en todas; así como, de novo, os tres másteres da Facultade de Xeografía e Historia (nos cales as materias con perspectiva de xénero supoñen dende arredor do 15% de todas as elixibles ata o 96% dos seus respectivos currículos) e os tres de Psicoloxía, de acordo coa transversalidade da perspectiva de xénero indicada para todos os seus estudos.